

Resistir como un xeito de sermos

Manual de Camuflaxe / Samuel Merino / Xerais / 2025 / 12,95 euros / 72 páxinas

Igual que se fala do auxe da autoficción na narrativa, igual que se repite o da conceptualización do eu na imaxe que se proxecta nas redes sociais, igual que se advirte sobre a sociedade do narcisismo (ás veces un pouco á lixeira), cómpre amentar a frecuencia da autorreferencialidade na poesía. O tema é vello e contemporáneo ao mesmo tempo, como case todos os que toca a literatura. Mais neste caso o xeito no que se transmiten as reflexións, que por outra banda teñen a capacidade de interpelarnos de maneira eficaz, consegue acalar o exhibicionismo vacuo doutras propostas.

Non se trata tanto de expoñer un eu, senón de pescudar como se sabe dese eu e como se leva a carga dunha interrogación permanente que desexa ser proxecto. E aí entra en xogo a influencia de moitas correntes que levan explorando isto desde a filosofía. Buscar ese algo que nos identifica en todos os epiteliros temporais, incluso nos estadios da infancia previos á fala, e en todos os límites da terra queimada que fica entre quen mira e é mirado. O mercurio do espello que só nos di “que hai alguén no outro lado /que tamén se está buscando”. Precisamos do grupo para construír unha diferenza, mais tamén para igualarnos; para ensaiar todas as formas de camuflaxe. E esa tensión ás veces convértese en ruptura ou extenuación porque “Hai algo certamente desconcertante / nesa maneira de estar no mundo”. Malia a isto imponse a pulsión por resistir de calquera maneira, mesmo nun equilibrio apático. Como repite varias veces no libro, “Xa hai que querer vivir”. A identidade como obxecto de estudo e como aspiración pode parecer calquera cousa menos humildade. Mais o resultado aquí non é ese. Ao final só se quere entender con que clase de ser vivo se está a lidar cando a voz lírica adulta se decata que as esperanzas do animal que medraba na infancia, como o animal da canción de Battiato ou como dan a entender as referencias a Derrida, son un presente humano moito máis modesto do que se pensaba. Se cadra, tampouco importa máis que deixar ao aire a consciencia do descubrimento nunhas poucas palabras: “Aquí/ no medio e medio da noite / nesta calor animal hai / un poema”.

Velaquí a nova entrega de Samuel Merino coa que gañou o XIII Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Poesía para pensar sobre o que somos que abre unha xanela á emoción, como xa acontecía con poemarios anteriores. O que é o ser e como se sente esa existencia queda despois dos dous puntos que permiten que se manifeste un espazo en branco: “Así se interrompe así remata. / Así:”.